

NOTA INFORMATIVA AXENDA

Martes 20

11.30 h.

Nos baixos do edificio do Consorcio da Cidade de Santiago, apertura da delegación da Oficina Municipal da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OciHR). De seguido, **ROLDA DE PRENSA** a cargo do alcalde compostelán e presidente do Consorcio, Xosé A. Sánchez Bugallo.

12.15 h.

No Casino de Santiago, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e a concelleira de Rehabilitación, Casco Histórico e Centros Socioculturais, Mercedes Rosón, para presentar o Día Europeo da Música. No acto tamén estarán Ubaldo Rueda, vicepresidente do Casino e Miguel López Fariñas, director do grupo *Martín Códax*.

20.30 h.

Na Casa do Concello, recepción aos participantes do VI Congreso Nacional de Electromedicina e Enxeñería.

21.00 h.

Danza

No Teatro Principal Brincadeira ofrece o espectáculo *Por quen anda a bailar* onde fai unha mostra de bailes galegos.

22.00 h.

Teatro e danza

Na Sala Nasa última entrega do espazo *Os novos*. Nesta ocasión, Carolina Hernández presenta *Ni princesas ni hostias*.

III Semana Cultural do Centro Sociocultural de A Trisca

18.00 h

- **Inauguración dos actos da III Semana cultural A Trisca a cargo da Concelleira de Centros Socioculturais, Mercedes Rosón.**
- Presentación a cargo do artista Mauro Trastoy do mural gráfico feito no parque público A Trisca, que evoca o tema desta semana cultural: a íntima relación entre as persoas e as máquinas.

PROGRAMA MUSICAL

18.15 h

- Dúo de guitarra e trombón. Asociación musical Alfaia (Guitarra) e Linas Baltusis (Trombón).

19.00 h

- Coral A Xuntanza.

PROGRAMA INFANTIL

18.30 h

- Contacontos a cargo de Soledad Felloza na Aula de xogo infantil.

Actividades do Departamento de Educación

10.30 h.

- Visita didáctica ás Dependencias da Policía Local

Participarán escolares de educación primaria do Colexio San Xosé de Cluny.

Lugar: instalacións da Policía Local (baixos de Raxoi)

-Visita didáctica á Praza de Abastos (última visita). Participarán un grupo de nenos e nenas da Escola Infantil da USC de Santiago de Compostela. Punto de encontro co grupo: Igrexa de San Fiz (ao lado do mercado)

11.00 h.

-Visita didáctica ao parque Infantil de Tráfico na Escola Infantil Municipal de Conxo. Participarán os nenos e nenas da Escola Infantil Municipal de Conxo nunha mostra dos Servizos Básicos de Seguridade e un circuito para escolares de educación infantil (0 a 3 anos). Lugar: Escola Infantil Municipal de Conxo (Praza Aurelio Aguirre, 1- Conxo).

12.00 h.

-Visita didáctica á Exposición "Culturas do Mundo. Coleccións do Museo de Dinamarca". Participarán un grupo de alumnos/as de educación secundaria obrigatoria do IES Eduardo Pondal. Lugar: Seminario Maior (San Martiño Pinario).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006

NOTA INFORMATIVA

O Departamento de Educación informa que aínda están dispoñíbeis algunhas prazas para as seguintes actividades de verán:

ESTADÍA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EN O COTO-ARBO

Datas de realización:

1º quenda: do 6 ao 12 de Xullo

2º quenda: do 17 ao 23 de Xullo

Destinatarios:

1º quenda: 6 a 8 anos: 24 prazas

2º quenda: de 9 a 11 anos: 24 prazas

Cota de inscrición: 172 euros. Inclúense todos os gastos.

BARCELONA, EDUCA

Datas de realización: do 9 ao 15 de xullo

Destinatarios/as: o grupo, de 30 persoas, estará constituído por rapaces e rapazas de 12 a 15 anos e irán acompañados de 2 monitores/as.

Número máximo: 30 persoas

Cota de inscrición: o custe da inscrición é de 300 euros, incluíndo todos os gastos (entradas museos, desprazamentos, aloxamento, manutención, monitores, seguros, etc.).

Aceptaranse solicitudes ata cubrir as prazas por riguroso orde de entrada no rexistro xeral do concello, tendo preferencia os/as empadronados/as no Concello de Santiago.